

**31.- ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 26 DE XULLO DE 2016.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

**Secretaria Xeral:**

D. CESAR LOPEZ ARRIBAS.

**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS NÚMS. 29/2016 E 30/2016 DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL CELEBRADAS O DÍA 11 DE XULLO DE 2016 E 18 DE XULLO DE 2016.**

Acordouse aprobar a acta núm. 29/2016 da sesión celebrada o día 11 de xullo de 2016 e proceder á súa transcripción ao libro de actas, deixando pendente de aprobación a acta núm. 30/2016 da sesión celebrada o día 18 de xullo de 2016.

**2.- PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA.**

**2.1.-** Acordouse **CONCEDER PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA** para construción de cortes para vacún de leite no lugar de Vilariño, Santiso - Lalín con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido para o efecto polo técnico municipal, de data 12/07/16.

### **3.- COMUNICACIÓN PREVA DE OBRAS.**

**3.1.-** Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVA DE OBRAS** para canalización de gas natural na praza da Marina, 4 - Lalín con base na documentación que obra no expediente que inclúe os informes técnicos municipais de data 17/03/16 e do 07/04/16, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 07/03/16 por importe de de 16,84 euros en concepto de ICIO.

**3.2.-** Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVA DE OBRAS** para acometida de gas con base na documentación que obra no expediente que inclúe o informe técnico municipal de data 29/06/16, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 01/07/16 por importe de 7,85 euros en concepto de ICIO.

**3.3.-** Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVA DE OBRAS** para acometida de gas na r/ Rodo, 46 – Lalín con base na documentación que obra no expediente que inclúe o informe técnico municipal de data 29/06/16 e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 01/07/16 por importe de de 20,22 euros en concepto de ICIO.

**3.4.-** Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVA DE OBRAS** para acometida de gas na r/ Areal, 47 - Lalín con base na documentación que obra no expediente que inclúe o informe técnico municipal de data 29/06/16, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 01/07/16 por importe de de 10,24 euros en concepto de ICIO.

**3.5.-** Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVA DE OBRAS** para instalación de rede de baixa tensión para vivenda unifamiliar no lugar de San Tomé, 3 - Vilanova - Lalín con base na documentación que obra no expediente que inclúe o informe técnico municipal de data 14/06/16, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 16/06/16 por importe de de 14,39 euros en concepto de ICIO.

### **4.- CERTIFICACIÓN DE OBRAS.**

**4.1.-** Acordouse aprobar a certificación de obra única da obra **“Recoñecido con aglomerado en Outeiro e Barcia”**, cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **5.687,05 €**.

### **5.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**

**5.1.-** Acordouse prorrogar de mutuo acordo coa empresa contratista FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L., o contrato administrativo de subministración denominado **“ALUGAMENTO OU RENTING DE IMPRESORAS E FOTOCOPIADORAS PARA O CONCELLO DE LALÍN”**. Esta prórroga terá unha duración de dous (2) anos e, en consecuencia, extenderase dende o día 1 de agosto de 2016 ata o día 31 de xullo de 2018.

**5.2.-** Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 6.195,20 € ( IVE incluído), con destino á **subministración dunha carretilla elevadora para a Brigada Municipal de Obras e Servizos** e contratar con HIDRAMAQ DEZA SL, a subministración dunha carretilla elevadora para a Brigada de Obras e Servizos polo importe de 6.195,20 € (IVE incluído), con arranxo ao orzamento presentado.

**5.3.-** Acordouse adxudicarlle o contrato de subministración denominado **“SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DENOMINADO CONSERVACIÓN DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS DE VILANOVA, MACEIRA, GOIÁS, VILATUXE E ZOBRA (PPOS/2016)”**, á empresa **CANTERAS DEL ARENAL S.L**, por un importe de 77.853,84 euros (IVE incluído) e un prazo de execución de 15 días hábiles.

**5.4.-** Acordouse **iniciar o expediente de contratación denominado SERVIZO DE REPARACIÓN E MANTEMENTO DO PARQUE MÓBIL E DE MAQUINARIA DO CONCELLO DE LALÍN** mediante procedemento aberto, trámite ordinario e un criterio de valoración, co seguinte orzamento máximo de licitación por lote: Lote 1: 30.000,00€ (IVE incluído); Lote 2 : 25.000,00 € (IVE incluído); Lote 3: 25.000€ (IVE incluído).

**5.5.-** Acordouse adxudicarlle o contrato de subministración denominado **“SUBMINISTRACIÓN DUN CAMIÓN PARA A BRIGADA MUNICIPAL DE OBRAS”** á empresa **HIDRAMAQ DEZA, S.L.** por un importe de 21.780,00 euros (IVE incluído) e un prazo de execución de 15 días hábiles.

**5.6.-** Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 12.600,75 € con destino ao **contrato de substitución de Luminarias na rúa B** do Concelllo de Lalín e realizar un contrato de subministro ao abeiro do réxime de contratos menores coa empresa Electricidad Feman, SL.

**5.7.-** Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 7.128,74 Euros (IVE incluído), con destino á **execución das obras de cubrición dos casetóns da Gardería Infantil Pontiñas** e contratar con METALBO LALÍN,

S.L. á execución das obras de cubrición dos casetóns da Gardería Infantil Pontiñas, polo importe de 7.128,74 Euros (IVE incluído).

## **6.- CONVENIOS ADMINISTRATIVOS.**

**6.1.-** Acordouse aprobar o **Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Lalín para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, que conta con 28 Cláusulas e V Anexos.**

**6.2.-** Acordouse aprobar o **Convenio de Colaboración entre o Concello de Lalín e a empresa Gómez de Castro S.A. para a execución do transporte de estudantes durante o curso 2016/2017, que consta de dez (10) cláusulas e un (1) anexo, así como aprobar o Convenio de Colaboración entre o Concello de Lalín e a empresa Castromil S.A. para a execución do transporte de estudantes durante o curso 2016/2017, que consta de dez (10) cláusulas e un (1) anexo.**

**6.3.-** Acordouse aprobar o **Convenio de Colaboración entre o Concello de Lalín e a empresa Espina&Delfín S.l. para coordinar o pago de axudas de débedas xeradas con motivo da subministración de auga, que consta de nove cláusulas.**

## **7.- EXPEDIENTES DE PERSOAL.**

**7.1.-** Quedou pendente para mellor estudo.

## **8.- FACTURAS E CONTAS.**

**8.1.-** Acordouse aprobar e declarar de abono as **Relación de facturas nº 00091, por importe de 26.927,55 €; a relación de facturas nº00092, por importe de 20.558,34 € e a relación de facturas nº 00093, por importe de 1.544,83€ e proceder a reclamar a Espina&Delfín o importe de 1.544,83 € correspondente á relación N° 00093, así como requirirlle o cambio de titular dos contratos de subministro eléctrico das instalacións recepciónadas pola empresa na acta de recepción asinada o 30 de abril de 2015.**

## **9.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.**

**9.1.-** Acordouse a **concesión das prazas de estacionamento** 165, 15, 179, 180, 163, 149, 17, 12 e 166, e tamén **modificar as prazas de estacionamento concedidas**: 141 por 175, 175 por 174, 167 por 169, 169 por 165, 342 por 164, 147 por 146 e 133 por 167, e aplicar o cobro do depósito previo de 30 euros, efectuado mediante recibo directo, ao pago da mensalidade corrente.

**9.2.-** Acordouse aprobar a **concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante por importe total de 194,58 €.

**9.3.-** Acordouse aprobar a **concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante por importe total de 200,00 €.

**9.4.-** Acordouse aprobar a **concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos vinculados ao uso da vivenda habitual e para actuacións complementarias e acompañamento vinculadas a itinerarios de inclusión social para a persoa solicitante por importe total de 104,58 € a aboar ao solicitante.

**9.5.-** Acordouse aprobar a ALTA do Servizo de Axuda no Fogar no marco do Sistema para a Autonomía persoal e a Atención á Dependencia (SAAD), para unha persoa beneficiaria, e aprobar a AMPLIACIÓN horaria do Servizo de axuda no fogar no marco do Sistema para a Autonomía persoal e a Atención á Dependencia (SAAD), para a outra persoa beneficiaria por cambio de grao e puntuación no baremo ATP/BVD por agravamento de saúde.

**9.6.-** Acordouse aprobar as **BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS 2016** e autorizar o gasto polos importes de 50.000 euros para subvencións deporte base e 20.000 euros para outras subvencións deportivas.

**9.7.-** Acordouse aprobar a **solicitud de subvención con destino á sinalización do Castro de Doade**, acolléndose ás Bases de subvencións a concellos da provincia de Pontevedra para a sinalización do patrimonio histórico cultural e a memoria histórica-ano 2016 da Deputación Provincial de Pontevedra.

**9.8.-** Acordouse **aprobar as bases reguladoras das bonificacións ao transporte de estudantes que cursen ciclos formativos e estudos na universidade para o curso 2016-2017.**

## **10.- CORRECCIÓN DE ERROS.**

**10.1.-** Acordouse **corrixir o erro** padecido no apartado D) do Anexo I do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen a contratación das obras denominadas “MELLORA DO ESPAZO MEDIOAMBIENTAL RÍO PONTIÑAS”, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 27 de xuño de 2016.

**10.2.-** Acordouse **corrixir o erro** padecido no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 11 de xullo de 2016, apartado 9.10.

**10.3.-** Acordouse **corrixir o erro** padecido no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 11 de xullo de 2016, apartado 9.6.

## **11.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**11.1.-** Acordouse **conceder autorización municipal** para a cesión de uso da Sala de Prensa para o día 29 de xullo de 2016, para un aforo aproximado de entre 30 e 50 persoas para realizar unha xornada informativa sobre cooperativismo dirixida aos seus gandeiros asociados, no Concello de Lalín por ser unha ubicación céntrica en relación coas catro provincias galegas.

**11.2.-** Acordouse **conceder autorización municipal** para proceder ao corte da estrada que vai dende a PO-534 no lugar de A Carretera ata a Igrexa, con motivo da celebración das festas patronais na honra de San Lourenzo os días 10 e 11 de agosto de 2016.

**11.3.-** Acordouse **conceder autorización municipal** para estacionar un vehículo para realizar unha exposición móvil en Lalín o vindeiro día 19 de agosto de 2016, relativa ao Museo do Gas.

**11.4.-** Deuse conta do escrito remitido pola **Secretaría Xeral de Cultura-Dirección Xeral do Patrimonio Cultural**, de data 18 de xullo de 2016, no que se achega para coñecemento, copia da Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural pola que se autoriza á arqueóloga D<sup>a</sup>. Ana Isabel Tembra Piñeiro para a realización dos traballos posta en valor-limpeza, delimitación, protección e sinalización da Mámoa da Cruz en Alperiz (Lalín-Pontevedra).

**11.5.-** Acordouse **conceder autorización** para a consulta, pero non copia, de expediente municipal (planos) do edificio existente na Avenida Buenos Aires número 110 (Lalín), para poder executar obras de reforma para instalar o ascensor.

**11.6.-** Acordouse **conceder autorización municipal** para a ver e consultar con técnico municipal o expediente do inmovible sito en rúa Álvaro Cunqueiro, nº 13 (Lalín).

-----